...
ou persoas que remataran os seus estudos nos últimos catro anos poden desenvolver as súas iniciativas emprendedoras mediante unha formación práctica que lles permita facer realidade un proxecto de empresa innovador.

No ano 2011 inaugurouse no centro a Aula Schneider Electric. Nesta aula, de máis de cen metros cadrados e con capacidade para trinta alumnas e alumnos, ofrécese formación ao profesorado, alumnado e calquera persoa dos sectores relacionados cos ciclos formativos das familias profesionais de Electricidade e Electrónica, Enerxía e Auga e Instalación e Mantemento.

Todas estas iniciativas perseguen o obxectivo de que o centro educativo de formación profesional sexa cada vez máis unha ponte que enlace aos actuais ou futuros traballadores coa realidade empresarial.

Co obxectivo de dar a coñecer tamén ao alumnado de Santiago que vai comezar a educación secundaria obrigatoria este tipo de formación profesional, o centro organiza unhas visitas didácticas ás instalacións.

A primeira parte da visita consiste nunha charla no salón de actos, para escoitar unha charla dun empresario, que nos contou que fixera él para chegar onde está, a que anos empezou a traballar, o esforzo que lle supuxo,...

Ao remate desta sesión houbo un descanso e tivemos a oportunidade de facer fotos no vestíbulo, e xogar un rato cos compañeiros.

De seguido realizamos un percorrido polas instalacións do centro: pasamos polas clases de química, carpintaría, decoración de capós de coches, arranxo de vehículos...

Saímos ao exterior e nun patio cuberto poidemos ver varios prototipos e pezas de maquinas así como un robot amarelo, que era case coma un gran brazo xigante que se movía. Era moi interesante ver como xiraba unhas veces rápido e outras lento dependendo do que quixera o profesor que a manexaba.

Despois doutro breve descanso para merendar, regresamos ao salón de actos para asistir á sesión de despedida e ao salir regaláronnos una mochila verde, moi útil.

Démoslles as grazas por tan fantástica mañá e volvemos ao colexio.

Sara Rodríguez Varela 6º C

Alvaro Facal Facal.

MAGO GUSTAVO OTERO

O pasado xoves tivemos no cole unha visita inesperada. Aínda que sabíamos que ía vir un mago non podíamos imaxinar que fose tan divertido.
Cando Gustavo chegou parecía que ía ser unha sesión de maxia máis , pero a verdade é que houbo trucos moi animados:

- *Facer desaparecer uns panos.*
- *Facer aparecer moedas.*
- *Cambiar as cores dos panos.*
- *Facer que un boneco se mova*

Para min, sen dúbida algunha, o mellor truco foi o de facer aparecer moedas. Quen me dera poder facelo eu tamén !
Gutavo ademais de ser mago e moi bo debuxante e entre todos os espectadores ata creamos un persoaxe . Creo que foi unha das mellores visitas que tivemos no que vai de curso.

CONTOS MUSICAIS

Nada en Santander. Profesora titular de Expresión Musical da Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte do Campus de Pontevedra, pertencente á Universidade de Vigo.
Autora de máis de 9 contos para nenos, ten demostrado que os contos tamén se cantan e se poden bailar. Nos seus libros, cada personaxe leva aparellado un estribillo e varias propostas de baile convintemente estruturadas.

SUSA HERRERA

21 de febreiro. Alumnado de EI.

La super papelería
Rosalía de Castro, 41 baixo
15701 Santiago de Compostela
Tfno.: 881 819 457
E-mail: papeleria.santiago@hotmail.com
www.lasuperpapeleria.com
- MATERIAL DE OFICINA
- MATERIAL ESCOLAR
- MANUALIDADES
- LIBROS DE TEXTO
- CONSUMIBLES INFORMÁTICOS